

Soñando mares

Marcos S. Calveiro (Vilagarcía de Arousa, 1968) estréase no mundo da literatura con *Sari, soñador de mares*, unha novela ambientada no lonxano oriente, pero que podería situarse ao abeiro de calquera porto con tradición mariñeira de seu.

O texto comeza coa lembranza de Simbad, un vello e experimentado mariñeiro que deixará no protagonista unha pegada imborrable, de modo que a súa chegada e a súa misteriosa marcha marcará un antes e un despois na vida do xove Sari. Trátase, daquela, dunha historia de servidume, de aprendizaxe continua, de nostalxia polo pasado vivido e, como non, de admiración, unha admiración que parece non ter límites. Máis alá das encomendas que o vello lle facía ao mozo, máis alá do engano e do abandono, o rapaz tece no seu maxín un ilusorio pano de agradecemento polas aprendizaxes recibidas que o empuxará a emprender unha dura travesía a bordo da que no seu tempo fora a dorna de seu pai desaparecido, de nome Preciosa.

Desde o afastado Oriente



MARÍA NAVARRO



Entre mandados e charlas, entre aventuras e desventuras, entre consellos e advertencias transcorren as páxinas dun libro que ben sexa pola capacidade de fabulación dos seus personaxes, pola exquisitez na escolla do vocabulario ou pola coidada expresión empregada polo seu autor é capaz de transportar ao lector a mundos marabillosos, reais ou imaxinarios, que se sustentan, en principio, en nobles valores, desbaratados aos ollos da maioría da xente, pero permanentes para o mozo que, agradecido polas aprendizaxes recibidas, aférrase ao bo que a vida lle deparou xunta ao vello sabio i é que no mundo da ensoñación, aquí e acolá, a imaxinación non ten límites.

A publicación de *Sari, soñador de mares* na colección “Catavento” da editorial Tambre vén unha vez máis a amorar que no mundo da literatura caben a realidade e a fantasía, a verdade e a mentira, a ilusión e a decepción, o posible e o imposible e todo é válido aos ollos do público: cada un ten a súa perspectiva das cousas, a súa interpretación do que o rodea e o seu sentido do ben e do mal.

CALVEIRO, Marcos S., *Sari, soñador de mares*, Ed. Tambre, Vigo, 2006, 85 páxinas